



XI Premio de Relato Curto

Terceiro accésit

Local hero

Pseudónimo: Brabádego

Autoría: **Héctor Cajaraville Araújo**

En 1981 tiña vinte e nove anos e levaba catro traballando de bombeiro. Entrara no setenta e sete, nunha convocatoria aberta durante aquela Transición en que apenas se tomaban decisións no día a día, cos concellos aínda en mans dos herdeiros do franquismo, as autonomías a medio crear e o goberno central agardando polas súas primeiras eleccións democráticas. Pero o parque de bombeiros da localidade estaba practicamente sen persoal e o alcalde (o mesmo que o creara en 1962, pouco despois de ser elixido para o cargo directamente polo xeneralísimo) decidira sacar a concurso catro prazas que garantían unha mínima capacidade de resposta ante un lume, unha inundación ou calquera outra incidencia nunha vila que xa daquela superaba os dez mil veciños.

Ernesto non só conseguiu unha das catro prazas, senón que obtivo a mellor nota no exame teórico tanto coma nas probas físicas. A ninguén lle estrañou, xa que ademais do seu metro noventa e da forza dos vinte e cinco anos, en 1975 rematara Dereito en Santiago, e «a curso por ano», como se gababan en aclarar os seus pais cada vez que tiñan ocasión. O de estudar Dereito fora cousa do pai, pois Ernesto quería ser bombeiro (coma a maioría dos nenos, por outra parte). E cando soubo da convocatoria das prazas na súa vila, viu o ceo aberto e a posibilidade de cumprir a súa vocación. Preparou o temario coma se lle fose a vida nel, e todos os días saía a correr hora e media e logo aínda nadaba media hora na piscina da localidade. Seica algunha das prazas estaba máis ou menos amañada, como corresponde a unha oposición como Deus manda neste noroeste aínda hoxe tan proclive ao *quid pro quo*, pero a Ernesto non lle fixo falta axuda ningunha, ía tan sobrado que mesmo lles daba



consellos aos outros aspirantes sobre como debían organizar as quendas de exercicios ou cales eran os temas con máis posibilidades de saír no exame.

A necesidade urxía, e antes do final de 1977 xa o proceso rematara e Ernesto estaba servindo na base da vila, a carón da súa casa. E dous anos despois, coincidindo coas eleccións municipais (nas que volveu saír elixido o mesmo alcalde, agora coa ratificación das urnas), con só vinte e sete anos foi nomeado xefe de bombeiros do parque da súa localidade natal. Os pais, que investiran aforros e esperanzas en ver o seu fillo convertido en todo un señor avogado, malia o cambio inesperado case se sentiron orgullosos do que o rapaz conseguira por aqueloutro camiño que el porfiara en tripar.

O fatídico ano de 1981 arrancou co golpe de estado de Tejero, un dos estertores finais daquel posfranquismo que ás veces ameazaba con botar por terra todo o esforzo dunha sociedade que, fose como fose, quería por fin respirar tras catro décadas de represión. E a comezos de marzo, poucos días despois, produciuse a catástrofe. Calquera veciño da vila que daquela tivese uso de razón lembra a xornada á perfección, pois por fortuna non volveu haber unha traxedia similar nos máis de trinta anos que pasaron desde entón.

Ás doce e media da noite do 2 ao 3 de marzo o parque de bombeiros recibiu o aviso de que nun edificio de catro plantas do centro da vila se declarara un incendio cuxas lapas eran xa visibles desde a rúa. De feito, foi un veciño doutro inmobile quen chamou, alertado tamén polos berros que se oían desde a ventá do terceiro piso, onde parecía que o lume tiña a súa orixe.

O camión non tardou máis de cinco minutos en chegar, conducido polo propio Ernesto, pero a virulencia das lapas estendera xa a súa destrución ao andar superior, e os veciños do cuarto arremuiñábanse ante as ventás á espera de que alguén os rescatase. A escaleira pregable do camión demostrou que o seu elevado custo fora un investimento xustificable, pois grazas a ela as dúas familias da cuarta planta foron baixadas á rúa sen sufrir dano ningún. Pero no terceiro esquerda, onde xa sen dúbida o incendio se orixinara, había tempo que se deixaran de oír os berros de auxilio dos seus residentes. Por fortuna, no terceiro dereito parecía que non había ninguén naquel momento.

Ernesto pediulle a outro compañeiro que quedase ao cargo da manguera do camión e decidiu que era o momento de acceder ao andar máis afectado para comprobar as consecuencias do sinistro e ver se se podía facer algo polos seus moradores. Ao tronzar a porta do terceiro esquerda coa machada a madeira cedeu e unha bafarada de lume, po e cinzas



o golpeou con tal ímpeto que caeu no chan. Tras aquel primeiro refacho, o xefe de bombeiros colleu forzas e internouse na vivenda. Cando alguén decidiu usar o termo dantesco para definir unha situación que impresiona ou causa horror, de seguro que estaba pensando en algo coma o que Ernesto tivo que ver ao chegar ao comedor da vivenda: o lume xa amainara, pero todo aparecía calcinado e derretido; o bombeiro fixouse sobre todo nun conxunto de sofás de escaí que quedaran só na armazón, e onde o seu ollo experto lle dicía que podía estar a orixe do incendio. E ao fondo, cinco corpos xacían inmóbiles contra a ventá, probablemente nun último intento por fuxir da calor insoportable que o propio bombeiro sentía malia a protección do traxe ignífugo.

A lóxica impedía imaxinar sequera que algunha daquelas cinco persoas (tres adultos e dous nenos) seguise viva, pero o seu deber de bombeiro era desbotar a mínima posibilidade de que así fose. Achegouse á ventá e foi cargando un a un os corpos inertes (aos nenos colleunos dunha soa vez, un en cada brazo) ata o relanzo da escaleira, onde a calor era menos. Ningún deles deu o menor sinal de vida, nin durante o traslado nin unha vez pousados no exterior do apartamento, e o intenso cheiro a carne queimada non axudaba a conservar esperanza ningunha.

Xa desde o primeiro momento Ernesto decatouse de que coñecía aquela familia. Non polos nomes, pero sabía perfectamente quen eran. O home traballaba de camareiro nun dos bares situados nas proximidades do parque de bombeiros. En máis dunha ocasión Ernesto fora alí tomar café nun descanso durante as longas e aburridas quendas de traballo, nas que por veces non sucedía nada que obrigase a unha saída. Tamén a muller era coñecida del, pero só sabía que se dedicaba a limpar casas e pouco máis. Había tamén dous cativos, neno e nena, aos que supuxo fillos da parella, e un terceiro adulto, que debía ser o avó dos rapaces por parte de pai ou de nai. Boa xente que nunca dera que falar e que sempre saudaba, segundo as explicacións dos seus veciños do edificio aos que preguntaban quen eran os afectados por aquela desgraza.

Cando chegaron os compañeiros onda el, Ernesto arfaba co esforzo realizado: polo peso dos corpos, pola calor, polo traxe que o protexía pero que pesaba un mundo... Algún deles recriminoulle que non lles dese aviso para axudalo a sacar aquelas persoas ao relanzo, pero todos sabían como era aquel xefe mestura de xeneral romano e capitán de barco, que non deixaba que ninguén se expuxese en nada que el mesmo puidese facer e que marchaba o



último dos lugares en que realizaban cada un dos seus servizos, só cando tiña a certeza de alí xa non había máis nada que resolver.

Entre eles repartiron o doloroso traballo de levar os corpos fóra do edificio, e entón produciuse o milagre: o bombeiro que cargaba nos brazos cun dos pequenos notou como se remexía de modo case imperceptible. Achegou o rostro do cativo todo o que lle permitía a viseira do casco e axiña puido comprobar que respiraba. Logo a respiración foi collendo forza ata converterse nun impo intermitente e finalmente, xa fóra do edificio, chegaron os choros, que nesta ocasión eran unha fermosa mensaxe de vida que se abría paso na traxedia.

Ernesto non soubo da feliz noticia ata seis meses máis tarde, o que tardou en espertar do coma. Cando os seus compañeiros xa acabaran co traslado dos corpos, Ernesto entrou de novo no apartamento para calcular a magnitude do lume que aínda ardía e decidir os equipos e medios que habería que subir, e xusto nese momento o teito veuse abaixo. O estrondo escoitouse desde a rúa, onde se amoreaban os veciños do propio edificio afectado e moitos chegados do resto da vila, pois daquela xa se estendera a nova por toda a localidade. Ernesto quedou encaixado entre o teito derrubado e o chan do terceiro piso, e só a forza da xuventude e a protección do casco e mais do traxe lle serviron de explicación aos médicos para comprender como era posible que aquel home seguise vivo logo do impacto descomunal.

Cando volveu á vida xa era setembro e o verán esmorecía. A primeira cara que viu foi a da súa nai, sentada ao seu carón no hospital, de onde non se movera en todos os meses aqueles, agás para a dar cumprimento ás súas necesidades máis elementais. Os médicos xa había días que amosaran o seu optimismo ante a evolución do doente, e a nai de Ernesto, coñecedora da habitual cautela dos sanitarios, sabía que iso só podía significar un espertar inminente.

O bombeiro recoñeceu a súa nai, e logo o seu pai, e a cantos pasaron a velo naqueles primeiros días de reencontro co mundo. O seu cerebro non sufrira a deterioración que ás veces acompaña un tempo tan prolongado de inconsciencia, e os médicos axiña comprobaron que podía falar perfectamente e que tampouco a súa memoria presentaba dano ningún. Iso si, da noite do suceso non lembraba nada en absoluto.

Ernesto tiña unha moza. Non tiñan un compromiso inquebrantable, pero para todo o mundo Lidia era a parella de Ernesto, e parecía só cuestión de tempo que a relación se consolidase. Ao pouco do accidente, Lidia desapareceu da vila e Ernesto non volveu saber dela. Os amigos, si: todos foron pasando polo cuarto do hospital, con mensaxes de



esperanza sobre a súa futura evolución e con agasallos que a nai se encargaba de recoller e ir levando para a casa.

E logo, os compañeiros: nin un só deles deixou de achegarse a visitar o seu admirado Ernesto, de destacar o seu valor e de lembrarlle que estaban sen xefe, que urxía o seu regreso. Eles non sabían, claro. Tamén foi un dos bombeiros quen lle contou que un dos fillos do matrimonio que morrera no incendio estaba vivo; e non só iso: saíra completamente ileso. Simplemente quedara inconsciente pola calor e a combustión, pero a posición dos corpos dos seus familiares, arremuiñados arredor da ventá, e a rápida chegada de Ernesto, salváranlle a vida. Chamábase Nicolás e tiña sete anos.

Tras a alegría do espertar, chegaron as malas novas: Ernesto non volvería andar. Os cascallos do teito derrubado esmagaran varias vértebras e a mobilidade das pernas era irrecuperable. Os médicos trataron de animalo dicíndolle que fora un milagre que a fractura medular non afectara tamén as extremidades superiores, que polo xeral un trauma dese tipo provocaba a tetraplexía da vítima. Pouco consolo supuxo aquilo para un home que aínda non fixera os trinta anos e que vía como a súa vida se tronzaba coa mesma violencia que o seu espiñazo.

O outro ninguén llo dixo, e só foi a súa curiosidade a que propiciou a descuberta. As molestias na cara convertían calquera xesto en doloroso, e ao principio pensou que era a consecuencia de tantos meses de inmovilidade dos músculos faciais. Pero a dor persistía, e entón pediu un espello. Tiña tamén o desexo de ver a súa propia cara despois de tanto tempo. Ninguén se atreveu a negarllo, e unha enfermeira achegouse cun pequeno espello de man que alguén deixara no control da planta. Un médico apareceu tamén entón, e Ernesto entendeu que había algo máis que contar.

No tempo que tardaran en sacalo de entre os entullos, o casco do equipamento comezara a derreterse, pola temperatura do lugar e polo contacto cos materiais derrubados. E toda a pel da parte dereita do rostro de Ernesto comezou a engurrarse e a pregarse nunha cicatriz que deformaría a súa cara para sempre. De novo os médicos trataron de convencelo de que tivera sorte, porque só se vira afectada menos da metade da faciana, e ademais o ollo quedara a salvo, e de novo Ernesto non os escoitou.

Coa saída do hospital comezaron as homenaxes e os recoñecementos. O Concello nomeouno fillo predilecto da localidade, e o alcalde (aínda o mesmo) impúxolle unha medalla que Ernesto lle deu á súa nai para que a gardase nun caixón, xunto con todos os regalos dos



amigos que logo daquela primeira visita foran desaparecendo paseniño. A confederación nacional de bombeiros tamén lle outorgou a súa máxima condecoración, e o Ministerio de Interior concedeulle unha pensión vitalicia polas graves lesións sufridas e debido ao seu comportamento heroico no exercicio das súas obrigas profesionais.

Naqueles anos oitenta, moverse cunha cadeira de rodas por unha vila pequena como aquela non era tarefa doada. Ao principio, Ernesto saía con frecuencia da casa dos seus pais, unha vivenda unifamiliar situada na contorna da localidade, sen as limitacións dun edificio de varios andares. Pero desprazarse por aquelas rúas carentes de pasos rebaixados e moitas veces sen a anchura suficiente era unha odisea na que Ernesto axiña claudicou, e as súas saídas foron converténdose cada vez en máis esporádicas, ata que ao cabo duns meses velo sorteando obstáculos polas beirarrúas era case excepcional.

Os primeiros anos foi constante coas táboas de exercicios que os médicos lle recomendaban para non perder a tonicidade muscular, pero logo o desleixo tamén chegou aí, e Ernesto, que sempre fora un home grande, volveuse tamén gordo, o que o limitaba aínda máis. A lectura, a televisión ou mirar desde a terraza o ir e vir da xente por diante da porta da casa acabaron sendo o recorrente plan para cada día.

Daquel neno que se salvara (que el salvara) do incendio, algo foi sabendo, sobre todo grazas ao que a nai lle contaba. Uns tíos, veciños tamén da localidade, fixéranse cargo del, e cos anos volveu á casa familiar, que fora restaurada, casou e tivo un fillo que tamén se chamaba Nicolás. O rapaz, xa un home, nunca veu visitalo, pero a Ernesto non lle estrañou: só era un cativo de sete anos cando todo aquilo acontecera, e probablemente para el calquera cousa relacionada co motivo polo que perdera a súa única irmá, os pais e un avó era algo que quería afastar o máis posible da súa vida.

Nestes máis de trinta anos que pasaron desde entón, os pais de Ernesto morreron, e el non tivo máis remedio que ir adquirindo unha autonomía que lle garantise a supervivencia, máis alá da comodidade de recorrer á nai para calquera acción que non estivese ao seu alcance. Os cartos non lle faltaron nunca, pois a familia dispoñía de certa facenda e a pensión era cuantiosa, e ese diñeiro foino empregando para adaptar a casa, acondicionar os arredores e mesmo comprar un coche sen carné ao que accedía por unha rampla situada na parte posterior.

Entón Ernesto comezou a saír de novo. A vila cambiara moito nos últimos anos, e un obradoiro de emprego servira para eliminar as barreiras arquitectónicas. Aínda que ten



unha muller para axudalo na casa e facerlle os recados do día, co tempo foi vencendo o medo e o complexo a saír, e mesmo comezou a ser normal velo facer a compra cargando os produtos nun cesto que levaba a carón da cadeira, ou tomar un café nalgún dos bares da praza do Concello.

A xente maior respéctao, pois a maioría saben quen é o por que está eivado e desfigurado. Pero para os máis novos só é un vello grandón, obeso, paralítico e coa cara deforme. E se non teñen nada mellor en que enredar, algúns aínda aproveitan para se meter con el cando pasa.

Fantasma da Ópera, Falconetti, Scarface, Ironside, Niki Lauda. Son algunhas das cousas que lle berran. Ernesto non lle dá importancia, e só pensa no raro que se lle fai que uns rapaces de catorce ou quince anos saiban quen son o Fantasma da Ópera, Falconetti, Scarface, Ironside ou Niki Lauda.